

## MANUEL QUINTANA MARTELO.

Estuda Pintura e Gravado na facultade de Belas Artes Sant Jordi de Barcelona, Pintura Mural no Centro de Mural Contemporáneo de Sant Cugat do Vallés e Cine no Centro de Arte Cinematográfica de Barcelona.

Obtén Bolsas de estudos para Belas Artes pola Dirección Xeral de Promoción estudantil, de Debuxo no Círculo de Belas Artes, de Pintura en Granada, de Pintura Mural da Deputación de Barcelona, da Fundación Xeral Mediterránea, e a Bolsa Nacional Castellblanch en Londres e Ámsterdam.

É Catedrático de Debuxo de Instituto de Bacharelato en situación de excedente, e foi Presidente da Asociación Galega de Artistas Visuais.

En novembro de 2003 é elixido Académico de Número da Sección de Pintura da Real Academia Galega de Belas Artes A nosa Señora do Rosario, ingresando o 11 de xuño de 2004 cun discurso titulado “A Forma: Natureza do debuxo”

Entre as exposicións máis destacadas están, as realizadas no Museo de Arte Contemporánea de Eivissa, Museo de Arte Moderna de Tarragona, Grupo Atlántica en Galicia, Museo Nacional de Santo Domingo, Museo Nacional de Belas Artes na República do Salvador, Musé Vila de Medices, Francia, Fundación Santillana de Colombia, Hispanic Institute de New York, Coimbra, Portugal, Miami, Caixa Galicia, Caixa Nova, Auditorio de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, Caixa Vital Kutxa en Vitoria, Museo do Pobo Galego, Museo Castrelos, Museo Provincial de Lugo, Fundación Juan March de Mallorca, Centro Cultural San Juan de Paraguai, etc. Feiras Internacionais de Arte como ARCO en Madrid, SAGA en Paris, Artmory en New York, Art Chicago, ART Miami, FIA en Caracas, ARTÍSSIMA en Turín, ARTE Lisboa, ESTAMPA en Madrid, Berliner Liste en Berlín, Art Fair Xangai, e en diferentes Galerías profesionais en Barcelona, Madrid, New York, O Porto, Porto Rico, Caracas, Vigo, A Coruña, Málaga, Santiago de Compostela, Lleida, Tarragona, etc.

